

Teatro

Carne no Camarín¹

Henrique RABUÑAL²

SEGUNDO ACTO

Camarín nun pequeno teatro urbano. Óese o ruído constante e melancólico de Pepe, o acomodador. Atmosfera envelenada. Pasaron uns minutos desde a anterior baixada do pano. Tacholas está diante do espello. Ao seu pé, Paula, provocadora, inxenua, exuberante.

Escena I

PAULA: Non desespere, Ta. Virán tempos mellores (mentres despinta o rostro recuperando unha luz vibrante).

TACHOLAS: (A mirarse no espello) Non virán, non. (Pasa as mans pola cara). Estou acabado. Mira para o teatro (co indicador erguido e tremente). É tal un deserto...

PAULA: E Pepe (interrompendo)...

TACHOLAS: (Tamén interrompendo) Non sigas. Levo corenta anos vindo aquí todas as tardes. O teatro non resiste aos novos tempos nesta maldita cidade paleta. Ti es nova, Paula (contémplaa con primor). Fai carreira, deixa isto, vive cos tempos, fai televisión que disque dá carcos e sona “mundial”.

PAULA: Un mal día, Ta. Ocorrélle ás mellores compañías do mundo. A xente virá, se cadra..

TACHOLAS: (Levántase e camiña polo camarín) Non digas, Paula. Esmolando nas institucións e para nada. Non quero mentir máis. Os actores xa mentimos dabondo cando traballamos. (Vólvese para Paula e eleva o ton de voz). Sabes o que acontece cando tes as mans frías e queres escribir? (Unha pausa). Que non podes, Paula. Entón sábeste acabado.

PAULA: Ti dálo todo, Ta. Non podes pretender facer máis. Es a vida, a palabra, o movemento... Coraxe, Ta, dismo sempre. E non me fales máis da televisión, sabes que a detesto, que a detesto e que a detesto.

TACHOLAS: Estou a perder a técnica, a voz, a beleza. Creo que as miñas ferramentas de actor están tamén vetustas e xa non conectan. A xente non ri comigo, rise de min. (Senta diante do espe-llo). Coa maquillaxe parezo máis novo, máis intemporal. Pero, o tempo, Paula, non perdoa. Ti aínda non estás en idade de comprendelo. Algún día hache pasar como a min: os anos voarán e a vida escaparache irremediabelmente e pensarás que non fixeches nada. E o peor...

PAULA: (Incorporándose) Déixao!

¹ O texto que aquí presentamos é un fragmento da peza inédita *Carne no camarín*, escrita hai bastantes anos.

² Henrique RABUÑAL (A Coruña, 1962) é Doutor en Filoloxía e Profesor de Lingua e Literatura Galega na Universidade da Coruña e no IES “Manuel Murguía”. É autor, entre outros traballos, das seguintes obras: *Paixom e morte dum condenado* (1984), *A noite das noites* (1985), Introd. e notas a *O marinheiro* de Fernando Pessoa (1985), *Epistolario em quatro tempo* (1985), *As Weissleiver* (1987), *A xeración escolar (Notas para a historia do teatro galego)* (1989), Contribuíción ao estudo do Entremez famoso sobre a pesca no río Minho (1989), Bouça-Brei e o teatro (1992), O teatro galego na época das Irmandades da Fala (1992), *Oratio mare* (O cántico de Orfeu) (1992), *Poemas da luz e da loucura* (1992), *Luz Pozo Garza. Códice calixtino* (1993), *X.L. Méndez Ferrín. Con pólvora e magnolias*, (1993), *Carlos Casares. Ilustrísima* (1993), *Textos e contextos do teatro galego(1671-1936)* (1994), A fonte d’o xuramento no teatro galego (1994), *Rafael Dieste: a franqueza e o misterio* (1995), Blanco Amor no teatro galego (1996), *A fariña das horas* (1998), *Manuel Murguía* (1999), *A Coruña na historia* (1999), Amleth, voz e verbo (1999), *Manuel Martínez Murguía* (1999), *O tempo demorado nos marmelos* (2000), *Mumias no país de Luzetzo* (2000), Edición e estudio de *La primera luz*, de M. Murguía (2000), Carvalho Calero e o teatro (2000), *Jenaro Marinhas del Valle* (2000), Reflexións sobre o teatro galego (2001), *A Gaiola* de Jenaro Marinhas (2001), *O Padre Sarmiento* (2002), Monólogo do fillo triste (2002), O vento da morte (2004), *Palabra e patria* (2005), *O miradoiro* (2005), Teatro Pisón en *Noite invadida* de Xesús Pisón (2005), *Palabras no vento. O Certame Manuel Murguía* (1991-2005) (2005) *Manuel Lugris Freire* (2006) e *Catástrofe* (2006).

Henrique Rabuñal

Carne no Camarín

TACHOLAS O peor é que esquecín o diálogo da primeira parte. Esquézoo todo: palabras, nomes, números, enderezos...

PAULA: Que máis ten iso! O diálogo verdadeiro, o texto que conta é o que dicimos nós, non o que alguén escribiu no seu gabinete.

TACHOLAS: Non o entendes, Paula. Cando comecei, os empresarios mandábanme saudar tres e catro veces logo de retirarme. A xente batía as palmas con furor, con forza, verdadeiramente entregada. Con alegría. Era o éxito, Paula, o éxito co que durmías e soñabas cada noite. A xente pelexaba por cear comigo e logo tomar unhas

copas. Orgullo, xenio, vida, onde fica todo iso, Paula?

PAULA: A vellice ten unha dignidade e ti podes capturala.

TACHOLAS: Onde, Paula? (Mirándoa) En ti? A dignidade é unha demisión, unha desaparición, unha morte se o queres.

PAULA: A dignidade está en ti, Ta. Quero pensar que en min tamén, Ta.

(Silencio. Os actores van quitando a roupa de traballo e vesten agora roupa de rúa).